



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre decisión do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Serra do Faro (S. Cristovo de Cea e Piñor, Ourense), promovido por VECTOR VERDE, S.A, clave 2011/0055,

## EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto:
  - a. Sitúase na súa totalidade dentro de 2 hábitats de interese na Unión Europea: 4030 e 3090.
  - b. Sitúase nas inmediacións a ZEPVN Pena Veidosa.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves:
  - a. O proxecto podería afectar a 6 especies de aves catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Pernis apivorus*, *Circaetus gallicus*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*).
  - b. Non se avaliaron as posibles afeccións do proxecto a anfibios, réptiles e mamíferos.

Por todo o cal,

## SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico Serra do Faro (S. Cristovo de Cea e Piñor, Ourense), promovido por VECTOR VERDE, S.A, clave 2011/0055 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para minimizar o impacto (de aeroxeneradores e viais de acceso) sobre os 2 hábitats de interese na Unión Europea existente na zona.
2. Avalíe as posibles afeccións á ZEPVN Pena Veidosa.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Anfibios, réptiles e mamíferos non voadores*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Pernis apivorus, Circaetus gallicus, Circus cyaneus, Circus pygargus, Caprimulgus europaeus, Sylvia undata* e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2011